



Escola Municipal de Artes e Oficios

M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, SECRETARIA DA XUNTA REITORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS,

CERTIFICA: Que na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do día seis de febreiro de 2014 adoptouse o seguinte acordo:

4.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (Expdte. 886-13)

Constan no expediente os seguintes antecedentes.

Á vista das actuacións da Mesa de Contratación da EMAO celebradas os días 26/11/2013 e 16/01/2014, e os informes do xefe de área de Fomento e do Técnico superior de Cultura e Educación-director en funcións da EMAO, de datas 07-01-2014 e 22-01-2014, respectivamente, considerando a corrección do erro de puntuación máxima no criterio da oferta económica, recollido no punto 2 da sesión da Mesa de Contratación de 30/01/2014, a Mesa de Contratación celebrada o día 30 de xanero de 2014 en escrito asinado pola Secretaria da Mesa, fai á Xunta Reitora da EMAO, na súa calidade de órgano de contratación, a proposta que se contén na parte dispostiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a proposta a votación resulta aprobada con 6 votos a favor dos dos membros do Grupo municipal do PsdeG- PSOE, Sres. López Font e o da Presidencia, máis o vogal veciñal do PsdeG-PSOE Sr. Vázquez Vázquez, do Director E.F. da EMAO, Sr. Ojea Pñerez, do Xefe de Estudos, Sr. Feixó Cid, e o do Representante dos mestres Sr. Pereira Somoza e con 4 abstencións dos memebros do Grupo municipal do PP, Sras. Sres. Cendón Alonso, Pérez Davila, Álvarez Pérez, e o do vogal veciñal do PP Sr. Ces Rodríguez.

ACORDASE:

3.-Proposta de clasificación de ofertas por orden decrecente.

Primeiro.- Exclusión no procedemento de contratación da proposta da mercantil Servicios Auxiliares de Mantenimiento y limpieza, S.L., (SAMYL), por sobrepasar o prezo total da licitación, segundo a clausula 3.A (FEC).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, na seguinte orde decrecente:

- 1º. Sociedad para el tratamiento de aguas residuales, S.L. (STAR)
- 2º. Limpiezas del Noroeste, S.A.U.
- 3º. Claro Sol, S.L.
- 4º. Iberclean Limpiezas, S.L.
- 5º. Seralia, S.L.
- 6º. Limpiezas Faro, S.L.



Escola Municipal de Artes e Oficios

Terceiro.- Requirir á empresa clasificada en primeiro lugar, Sociedad para el tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR), para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.*

Cuarto.- Requirir á empresa clasificada en primeiro lugar, Sociedad para el tratamiento de Aguas Residuales, S.L. (STAR), o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 2.224,40 €.

A Secretaria da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

E para que así conste e surta os seus efectos, expido a presente co visto e praxe do Presidente da Xunta Reitora, en Vigo a dez de febreiro de dous mil catorce, coa advertencia do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Vº e Pr.

O Presidente da Xunta Reitora

Santos Héctor Rodríguez Díaz